FESTAS DO VERÁN DE BOIRO

# Oito orquestras para seis días de festa rachada

» O martes será a quenda da París de Noia e da Marbella

**B. C.** [SANTIAGO]

Boiro reúne a oito orquestras nas súas Festas do Verán, que se celebran desde hoxe ata o mércores 10 de xullo. A primeira delas será a actuación esta noite da Gran Parada. O sábado, o escenario acollerá a orquestra Origen, mentres que o domingo será a quenda de Suavecito.

O luns ofrece unha sesión dobre coas orquestras Charlestón e Assia, proporcionando unha velada chea de ritmo e diversión. O martes destaca coas esperadas actuacións da París de Noia e da Marbella, dous nomes moi recoñecidos que atraerán a numerosos asistentes.

Finalmente, o mércores Baravú Shangai poralle o ramo a esta nova edición das Festas do Verán de Boiro, pechando seis días de música, baile e celebración.



**A orquestra París de Noia actúa o martes pola noite en Boiro** // ECG

Muebles Guadalupe
DESDE 1979
Muebles de nuestra casa a la tuya
Whatsapp / 639 873 419
Boiro, Av. de Barraña, 49-50 / 981 84 54 46
Boiro, Av. da Constitución, 65 / 981 84 62 55
Tus muebles en Boiro
@mueblesguadalupe_boiro
mueblesguadalupeboiro.com
mueblesguadalupe@mueblesguadalupe.com

korporis GYM
C/ Cimadevila 18 bajo
Boiro
by Kike García

Les deseamos felices fiestas
Pirotecnia RICARDO RESÚA, S.L.
Espectáculos en Fuegos Artificiales
Fábrica/Almacén/Oficinas
Lg. Monte Pedroso - Vilariño
CESPON-BOIRO
A CORUÑA
Tel./Fax. 881 00 61 46
info@pirotecniaricardoresua.com
Comerciales:
629 75 54 05 - 629 75 54 06
630 049 848 - 630 049 884

CALO´S
Materiales de Construcción
Almacén: Pol. Ind. de Espiñeira, fase 2 - parcela 7
Tel. 981 847 930
FERRALLA CALO´S Ferros e mallas
Ferralla Boiro T. 981 846 893
Ferralla Noia T. 981 822 702
ferrallacalosboiro@gmail.com

Felices Fiestas
FONTANERÍA | TÉRMICAS | ELECTRICIDAD | GAS (CATEGORÍA A) | EQUIPOS A PRESIÓN | CONTRA-INCENDIOS | INSTALACIONES INDUSTRIALES
www.instalacionesherfer.es
Pol. Ind. de Espiñeira, P14 • Boiro - A Coruña
T. 981 849 971 y 981 847 097 | comercial@instalacionesherfer.es
INSTALACIONES HERFER

Grupo Outeiral
Autos R. Outeiral
BOIRO. A CORUÑA
Tel. 981 844 085
info@autosramonouteiral.com
F. Senin s.l.u
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel. 981 587 526
senin@autocaresfsenin.es
SERVICIOS REGULARES Y DISCRECIONALES DE VIAJEROS
CIRCUITOS NACIONALES E INTERNACIONALES
VEHÍCULOS DE 16 A 63 PLAZAS
SERVICIO DE TAXI HASTA 6 PLAZAS Y ADAPTADO A P.M.R.
Felices fiestas

ALQUILERES REYCA
Oficinas principales:
Pol. Ind. del Tambre - Vía Nobel, 4
Teléfs.: 981 587 555
Fax: 981 575 394
15890 SANTIAGO
C/ Cimadevila, nº 67 - bajo
Teléf.: 981 846 554
BOIRO (Barbanza)
www.alquileresreyca.es • info@alquileresreyca.es
Desde 1970
MAQUINARIA PARA CONSTRUCCIÓN Y OBRAS PÚBLICAS
• Compresores Diésel y Accesorios
• Grupos Electrógenos
• Retroexcavadoras y Accesorios
• Compactación
• Dumpers
• Carretillas Elevadoras
• Hormigoneras
• Vibración
• Bombas de Achique y Accesorios
• Hidrolimpiadoras
• Cañones aire caliente y Deshumificadores
• Aspiradores Industriales
• Maquinaria de Corte
• Martillos Eléctricos y Accesorios
• Señalización

FESTAS DO VERÁN DE BOIRO

# Tradi, tributos e verbenas para celebrar o verán

» Boiro inicia hoxe as festas estivais que se prolongan ata o próximo 10 de xullo



A banda compostelana Dios Ke Te Crew actúa o sábado // Cedida

**B. C.** [SANTIAGO]

Comezan as grandes Festas do Verán en Boiro. O alcalde, José Ramón Romero, e a concelleira de Cultura, María Outeiral, daban a coñecer hai unhas semanas o programa destas festividades, que se celebran na localidade barbanzá entre este venres 5 e o mércores 10 de xullo. Música tradicional, tributos e actuacións de grandes orquestras mestúranse nun conxunto de eventos confeccionado polo departamento municipal de Cultura para todos os públicos, con actuacións en tres escenarios.

O pregón, que este ano está dedicado ao sector téxtil, será o sinal de partida das festas. O programa de hoxe completarase coa actuación da orquestra Gran Parada, o concerto de Lontreira e a IV Remember Fest de Peñas Boiro.

O programa continúa o sábado con dianas e alboradas e actividades pola mañá, como a tradicional malla do centeo, que este ano será na praza do Centro Social con actuacións de grupos tradicionais. Pola noite, será a quenda da orquestra Orixe e un Tributo a Dire Straits na praza do Concello, xunto cun concerto dos Dios Ke Che Crew no Centro Social de Boiro.

O domingo tamén haberá baile galego na praza do Centro Social e unha sesión vermú coa Treboada Baixo Minho; pola tarde, un concerto de boleros cos Trobeiros da Ponte na praza do Centro Social e a actuación do grupo A Misela; un Tributo a Rocío Jurado na praza do Concello, e a orquestra Suavecito, ademais dunha gran tirada de fogos artificiais, que este ano será ás 00:15 horas na Praia de Barraña.

> ACTUARÁN OS GRUPOS LONTREIRA E DIOS KE TE CREW ADEMAIS DO MÚSICO GALEGO ANXO ARAÚJO

O luns, a actividade das peñas comezará ás 12:00 h no Parque da Cachada, que se prolongará ata a tarde con sesións de DJ. Xa pola noite, haberá un concerto de Tradi na praza do Centro Social e actuacións das orquestras Assia e Charlestón na praza do Concello.

A programación do martes inclúe un espectáculo infantil pola mañá na praza do Centro Social e continuará pola noite coas orquestras París de Noia e Marbella na praza do Concello e un concerto do músico de Pontevedra Anxo Araújo e o seu pop elegante na praza do Centro Social.

As Festas do Verán 2024 de Boiro chegarán ao seu fin o mércores 10 de xullo con alboradas e un espectáculo infantil pola mañá, e pola noite a Orquestra Bravú Xangai na praza do Centro Social, un tributo a Tina Turner e o DJ Matrek Show na Praza de Galicia.

